

Complemento ás páxinas 35-38-39 do noso libro de texto

MANUEL ANTONIO

O mestre vangardista



Biografía

Manuel Antonio naceu no ano 1900 na parroquia de Asados, en Rianxo, aínda que pasaría gran parte da súa infancia en Padrón logo da morte de seu pai.

Aínda que naceu no seo dunha familia conservadora, sempre foi rebelde, e xa como estudante se interesou polo nacionalismo e ingresou nas Irmandades da Fala. Relacionouse con Dieste (uníaos ser de Rianxo e o interese polo nacionalismo e a literatura) e carteouse con Risco e Castelao, mesmo estando este no exilio.

Sempre quixo que a súa vida se dedicase ao mar, e por iso ingresou na Academia naval viguesa, ademais de pasar un ano embarcado, de onde sae o seu único poemario publicado en vida, “De catro a catro”.

Lamentablemente, non deixou moita máis obra xa que morreu aos 29 anos a causa dunha tuberculose fulminante.

Biografía

<https://pasouoquepasou.crtvg.gal/content/biografia-de-manuel-antonio>



Obra

- “**De catro a catro**”: o seu único poemario publicado en vida, é un “diario de a bordo”. Nel aparecen os elementos característicos da vangarda: o emprego de metáforas como o océano ou o vento, a ausencia de rima (verso libre), unha disposición tipográfica innovadora, a eliminación dos signos de puntuación e a aparición de múltiples termos técnicos mariñeiros.

O poemario, moi reflexivo, trata sobre a soidade do poeta (embarcado) que reflexiona sobre a súa dificultade para atopar futuro-horizontes ao tempo que se sente náufrago na inmensidade do mar.

Hai versos como “As nosas soidades / veñen de tan lonxe / como as horas do reloxo” que son a día de hoxe versos icónicos da literatura galega.

Obra

- **“Manifesto máis alá”**: Manifesto altamente provocador publicado no ano 1922 xunto ao debuxante Álvaro Cebreiro, tamén vangardista.

Neste manifesto o autor chama á mocidade galega a rebelarse ante as imposturas “dos vellos” (a intelectualidade galega da anterior xeración) así como a reivindicar o monolingüismo en galego e ter unha actitude proactiva no aspecto político.

Ataca tanto ás expresións artísticas do pasado (como á xeración Nós), como especialmente a aqueles autores galegos que escriben en castelán, como Valle-Inclán.